

Capítulo 12

Os ríos galegos. Novos usos sustentables en relación coa actividade turística

Manuel Cabalar Fuentes

Depart. Xeografía. Universidade Santiago Compostela

manuel.cabalar@gmail.com

Resumo

Desde hai varios anos, a demanda turística volveu as súas preferencias cara ó disfrute da natureza. A sociedade urbana actual, escasa de contacto directo coa entorna natural, sente cada vez mais o desexo de buscar paz e tranquilidade nun ambiente totalmente oposto ó que discorre a súa vida cotiá, obxectivo que atopa na contemplación das marabillas da natureza e o sosego do mundo rural. Deste xeito, entre os produtos turísticos ofertados adquiriron unha gran importancia os territorios con alto valor ambiental e os recursos que neles existen: formas de relevo, flora e fauna, patrimonio cultural, e a rede fluvial. De maneira particular a presenza de auga é altamente valorada polos visitantes, polo que os ríos son un elemento decisivo na configuración de produtos turísticos relacionados con entornas naturais. Este traballo trata de estudar os aproveitamentos turísticos dos ríos de Galicia dende un punto de vista esencialmente descritivo, no contexto do incremento de visitantes interesados pola natureza e como parte da estratexia a seguir para solucionar os problemas estruturais que padece o Turismo Rural de Galicia.

Palabras chave: Turismo rural, turismo de natureza, recursos turísticos, Galicia

Abstract

Since several years ago, the touristic demand returned his preferences to the enjoyment of nature. The current urban society, which has a low direct contact with the natural environment, feels increasingly the desire to seek the peace and calmness in an atmosphere totally opposed to his daily life, which they find in the contemplation of nature marvels and rural world tranquillity. In this way, among the offered touristic products, the territories with high environmental value and the resources that in them exist, acquired a great importance: relief forms, flora and fauna, cultural heritage, and the river network. In a particular way, the water presence is highly valued by the visitors; from there the rivers are a decisive element in the configuration of touristic products related with natural environment. This work tries to study the touristic exploitations of Galician rivers from an essentially descriptive point of view, in the context of the increase of interested visitors for the nature and as a part of the strategy to continue to solve the structural problems that suffer the Rural Tourism of Galicia.

Key words: Rural tourism, nature tourism, tourist resources, Galicia.

1. Introducción. A atracción do ser humano pola natureza

Desde a orixe dos tempos, o ser humano sentiu unha irresistible atracción pola natureza. Este feito ten aparecido de diferentes maneiras ó longo da historia: desde manifestacións relixiosas adoradoras dos elementos naturais ata a sacralización de lugares concretos ós que se lle atribuíron propiedades sobrenaturais, pasando pola creación de todo un panteón de deuses antropomorfos dominadores das forzas naturais como no mundo grecolatino (DIEGO e GARCÍA 2007, CABALAR 2010a). No fondo, subxace nestas prácticas a admiración do ser humano polas poderosas forzas da natureza e, por qué non dicilo, un certo temor reverencial ante uns elementos dos que dependía (e depende), en última instancia, a propia supervivencia.

Certamente, o paso do tempo e os cambios sociais, ó calor dos avances técnicos, mudaron a adoración pola atracción (gravada a fogo no noso ser), pero tamén mudou a relación home-medio drasticamente ata o punto de comprometer seriamente os equilibrios naturais do planeta por mor dunha sociedade humana cada vez máis numerosa que non cesa de exprimir A Terra na procura de máis recursos.

Ante esta evidencia acabaron nacemento os Espazos Naturais Protexidos, porcións de territorio legalmente declarados como tales que teñen por definición o obxectivo principal de amparar da destrución as mellores representacións dos ecosistemas planetarios que aínda perduran, así como servir de exemplo de manexo territorial responsable para a sociedade en xeral. Estes lugares permiten ademais que os visitantes poidan desfrutar e aprender da natureza no transcurso das súas estancias. Por certo que na sociedade urbana altamente tecnificada na que nos tocou vivir, o contacto directo coa natureza é cada vez menor pero segue poñéndose de manifesto a irresistible atracción do ser humano por ela se prestamos atención ó continuo aumento de visitantes nos Espazos Naturais Protexidos e o mais que respectable volume de negocio que o turismo relacionado coa natureza move a nivel mundial. Por citar un exemplo ilustrativo do importante volume de visitantes ós ENP, o Anuario EUROPARC dos Espazos Naturais Protexidos de España para o ano 2007 estima que para os Espazos con categoría de Parque o número anual de visitas oscila entre 26 e 36 millóns.

2. A auga como elemento de atracción. Presenza da rede fluvial nos Espazos Naturais Protexidos de Galicia

No anterior apartado falouse da atracción innata do ser humano pola natureza. Porén, hai certos elementos que espertan particular atención, tal e como poñen de manifesto os estudos feitos sobre visitantes de Espazos Naturais Protexidos (MÚGICA et al, 1992; CORRALIZA et al, 2002, BLÁZQUEZ, 2002, CABALAR, 2010a), que por certo e non por casualidade, coinciden case punto por punto coas demandas referidas á entorna natural da maioría dos usuarios de turismo rural (LOIS et al, 2009). Son elementos predilectos as altas montañas, os densos bosques, as amplas chairas, as formacións rochosas caprichosas... e a auga.

A auga, fonte de vida e imprescindible elemento sustentador da natureza, foi sempre por este motivo obxecto de especial atención por tódalas civilizacións que se sucederon ó longo da historia da humanidade. Non é necesario explicar con detalle a importancia da auga para o asentamento humano sobre o territorio en todo o mundo. Bastará tan só con lembrar que a gran maioría da poboación mundial habita no litoral ou preto del, así como nas beiras dos máis importantes colectores fluviais. De feito, pódese dicir que a igualdade de condicións climáticas, os territorios máis habitados son as costas e os vales fluviais.

Así pois, o ser humano valorou sempre por necesidade a dispoñibilidade de auga, pero sorprendentemente tardou moito tempo en reflectirse de maneira importante nas redes de Espazos Naturais Protexidos. Ata hai algunhas décadas primaba a espectacularidade das manifestacións naturais, as paisaxes grandiosas, de modo que as declaracións estaban orientadas por un sentido primordialmente estético (MULERO, 2002 ; DIEGO e GARCÍA, 2007). Pero as políticas de protección da natureza evoluíron cara unha concepción na que a protección das especies e dos hábitats nos que viven e interactúan pasou a ser o tema chave. Tal é a razón de ser do nacemento e implantación da Rede Natura 2000 no continente europeo, que en virtude da Directiva 92/43 (Directiva Habitats) persegue explícitamente a protección das mellores representacións dos hábitats naturais (ou seminaturais en realidade) de Europa mediante a creación dunha gran rede transnacional de Espazos Naturais Protexidos. Na creación desta rede prestouse unha especial atención ós hábitats fluviais, tanto pola súa riqueza intrínseca como polo seu papel de vías de comunicación naturais entre puntos distantes polas que transitan os fluxos de materia e enerxía, particularmente as especies de seres vivos. É a aplicación práctica do concepto de *Corredor Ecolóxico*, que mesmo ten reflexo na vixente lei estatal española de protección da natureza (concretamente no Artigo 20 da *Ley 42/2007 de Patrimonio Natural y Biodiversidad*).¹

Galicia non foi unha excepción a esta regra, de tal xeito que a maioría dos principais colectores fluviais están representados na actual Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, aportando 34.467 hectáreas (en torno ó 10% da superficie

¹ Este artigo do texto legal cita expresamente a prioridade ós cursos fluviais na implantación de corredores ecolóxicos entre os espazos da Rede Natura 2000.

protexida galega), segundo datos do Anuario EUROPARC dos Espazos Naturais Protexidos do estado español para o ano 2007 (Fig. 1). A vixente lexislación ambiental galega sobre protección da natureza (Lei 9/2001, de Conservación da Natureza de Galicia), inclúe os espazos Natura 2000 que non contan con outra figura protectora previa baixo unha figura especificamente creada para tal fin: Zona de Especial Conservación dos Valores Naturais. Porén, trátase dunha protección meramente nominal posto que a día de hoxe estes espazos carecen de planificación e xestión activas que os deixa nunha posición moi vulnerable, expostos a perigos e impactos variados (CABALAR, 2010b).

3. O turismo rural en Galicia e os seus problemas estruturais

Os primeiros apartados deste traballo serviron para poñer de manifesto a innata atracción do ser humano pola natureza e o seu afán, mais ou menos afortunado, por protexer certos territorios e os seus valores naturais. Este plantexamento xustifica a importancia dos ríos como elemento de atracción turística, pois a presenza de auga é un dos factores primordiais que outorgan beleza e atractivo á paisaxe, á natureza visitada (BLÁZQUEZ, 2002), e que no caso de Galicia forman parte da imaxe do territorio, dos seus signos de identidade (LOIS et al, 2009).

Pero antes de entrar definitivamente a repasar os usos turísticos dos ríos galegos na actualidade, pensamos que é necesario falar, anque sexa sinteticamente, da situación do Turismo Rural en Galicia. O motivo é ben simple. Unha das razóns de ser do chamado “Turismo Rural”² é o desfrute da natureza, en torno ó cal xira ou debe xirar unha boa parte da oferta complementaria desta modalidade turística, que por definición procura entornas naturais e tranquilidade, máxime cando a maioría dos usuarios son de procedencia urbana, onde a carencia de estímulos naturais e unha vida cotián excesivamente acelerada provocan unha busca case compulsiva de benestar e tranquilidade rodeados de natureza (LOIS et al, 2004). Pois ben: precisamente a falta


²Este concepto non goza de total acordo entre os estudosos, pois sinálase que abrangue numerosos términos asociados que se mesturan entre si. Por exemplo, LOIS et al (2004) prefiren empregar o concepto “Turismo en espazo rural” coa intención de referirse á realización da actividade turística nun espazo determinado (rural) sen atender ás motivacións do mesmo.

dunha oferta complementaria ben estruturada é o principal problema do turismo rural de Galicia. En numerosas ocasións se ten falado dos problemas estruturais, aínda non ben resoltos, que arrastra desde fai moito tempo e que teñen ocupado un lugar preferente nas análises e estudos de numerosos autores (LOIS et al, 2009; SPARRER, 2006; MARTÍNEZ, 2004), e que se poden resumir na primacía da cantidade sobre a calidade (de 34 establecementos en 1993 pasouse a 588, rexistrados polo organismo TURGALICIA) e o conseguinte desequilibrio entre oferta e demanda, unha desigual distribución espacial (municipios con numerosos establecementos fronte a comarcas enteiras con moi poucos), e sobre todo, como se comentou antes, a carencia de ofertas complementarias que permitan ó visitante facer algo máis que descansar e disfrutar da gastronomía. Con este panorama non é estraño que a media anual de ocupación dos establecementos fiquen tan só no 15,3% segundo os datos de 2009.³

Estamos pois ante un problema importante pero que ten unha solución relativamente doada, xa que as potencialidades de Galicia neste campo son numerosas. A oferta complementaria do Turismo Rural pode abranguer todos aqueles elementos que outorgan personalidade ós espazos rurais de Galicia (LOIS et al, 2009) e pode xirar en torno ó sendeirismo ata os deportes de aventura, dende a interpretación da natureza ata a valoración do patrimonio cultural (tanto material coma inmaterial), e por suposto, entre os elementos naturais pode ter un papel protagonista o aproveitamento da abundosa rede fluvial que por sí mesma goza de grandes potencialidades que a penas nos últimos anos están a ser postas en valor. Disto será do que falemos no seguinte apartado, obxectivo principal deste traballo.

³ Dato tomado do Instituto Galego de Estatística (IGE). Esta mesma fonte recolle un 17,7% de ocupación media para 2007 e 16,4% para 2008. Ó fío da escasa ocupación do Turismo Rural de Galicia, LOIS et al (2009), botando man igualmente dos datos do IGE referidos á ocupación media anual do Turismo Rural de Galicia, sinalan que en ningún caso se puido superar o 20% de ocupación media anual, cun teito máximo do 19,6% en 2001. Estes autores falan de modelo fracasado, necesitado de profundas reformas entre as que estaría o aproveitamento das características naturais como parte integrante dos sinais identitarios do mundo rural galego.

Figura 1. Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia



Fonte: base cartográfica SITGA. Elaboración propia.

4. O aproveitamento turístico dos ríos galegos

O presente traballo ten como intención principal pasar revista ós principais aproveitamentos turísticos dos ríos galegos na actualidade. Como se dixo previamente, en boa medida están aínda nunha fase bastante inicial do seu desenvolvemento, de forma que imos abordar a cuestión dende un punto de vista preferentemente descritivo, coa vista posta na situación actual descrita a grandes rasgos tratando punto por punto as principais actividades existentes. Todos estes apartados irán acompañados dunha introdución teórica a propósito da súa razón de ser e serán acompañados por datos estatísticos concretos, sempre e cando sexa posible acceder a eles.

1) Sendeirismo en torno ós ríos:

Unha das actividades básicas de ocio en entornas naturais é o paseo e a contemplación da natureza. As enquisas realizadas a visitantes de Espazos Naturais Protexidos, por exemplo, amosan claramente o feito de pasear e estar tranquilo como unha das actividades predilectas e un poderoso motivo para visitar tales lugares (CORRALIZA et al, 2002; MÚGICA et al, 1992; CABALAR, 2010a). Esta actividade, que podemos relacionar directamente coa práctica do sendeirismo, combina o simple feito de camiñar co desfrute contemplativo dos elementos naturais que se suceden no traxecto e que envolven ó camiñante, de tal forma que o elemento sensorial é fundamental nesta experiencia: contemplar as árbores, a auga, os animais, sentir o rumor do vento e da auga ó fluír. Estas sensacións son case imposibles de experimentar nas entornas urbanas das que proceden a inmensa maioría das persoas que realizan estas actividades, acostumadas no seu vivir cotián a estar rodeados de ruído e polución salvo nos pequenos redutos verdes que existen nas áreas urbanas en forma de parques e xardíns, no fondo un simple sucedáneo de natureza.

Por outra banda, as actividades sendeiristas permiten aproveitar e recuperar antigas vías de comunicación en desuso que en tempos pasados discorrían

polas beiras dos ríos. A recuperación destes camiños leva acompañada a posta en valor de numerosos elementos patrimoniais que lle son propios, especialmente pontes romanas e medievais, refuxios e vellas pousadas, ou cruceiros. Moitas das rutas de sendeirismo homologadas de Galicia discorren total ou parcialmente ás beiras dalgún río ou regato e forman parte da oferta turística de moitas comarcas galegas.

2) Aproveitamento turístico-etnográfico

A vida da Galicia rural tivo sempre nos ríos un amigo fiel, un elemento indispensable da engrenaxe económica. Os ríos proporcionaron auga para regar as terras, peixe para comer, e forza motriz para forxar o ferro dos apeiros de labranza e das ferramentas e tamén para moer o gran do que saía o pan de cada día. Arredor dos ríos, polo tanto, foi configurándose toda unha estrutura patrimonial de elementos tanxibles e intanxibles de elevadísimo valor. Sen entrar en profundidades sobre estes últimos, que impregnan fondamente o acervo colectivo do pobo galego, destacan particularmente os elementos construídos, tanxibles, entre os que imos suliñar dous: os muíños e as pesqueiras.

Os primeiros son un elemento chave da economía rural tradicional pois eran os encargados de moer o gran e forxar o ferro. Son un exemplo magnífico de aproveitamento sustentable da forza da auga, que non perxudica ó río e as súas dinámicas naturais. En Galicia os muíños cóntase por milleiros pero por desgraza a inmensa maioría están abandonados dende hai moito tempo porque as súas funcións foron asumidas por instalacións fabrís, conxuntamente co desmantelamento da sociedade rural tradicional. Porén, nos últimos anos están a ser recuperados algúns deles nun encomiable afán de preservación patrimonial, voltando a moer o gran e a forxar o ferro e servindo para que as novas xeracións, que nunca viron en funcionamento un muíño, teñan a ocasión de contemplar cos seus propios ollos este anaco imprescindible do acervo cultural galego (Fig. 2).

Pola súa banda, as pesqueiras son unhas construcións que existen dende tempos dos Romanos e que consisten nunha pequena presa ou muro de pedra con ocos intercalados nos que se colocaban aparellos para pescar lampreas e anguías. Algunhas delas seguen activas no Baixo Miño, na fronteira galaico-portuguesa, onde esta actividade ten forte tradición e os citados peixes forman parte principal das especialidades culinarias locais. Mesmo son obxecto dunha festa gastronómica anual de exaltación que se celebra no concello de Arbo e que este ano 2010 cumpriu a súa 50ª edición.

3) Fervenzas e paisaxes fermosas

Este punto volve a entrar no tema que, no fondo, serve de fío condutor deste traballo: a atracción pola natureza. Pódese dicir sen temor a errar o xuízo que a primeira razón pola que as persoas gustan dos ríos son os ríos en sí mesmos e todo canto os rodea. Trátase da contemplación dos elementos máis chamativos do curso fluvial, que usualmente son as fervenzas e rápidos, mais tamén as pozas e remansos; completados cunha entorna boscosa ou cando menos cunha cuberta vexetal abundosa. Este principio sempre se cumpre, pero é moito mais doado de atopar en visitantes procedentes de climas secos, que manifestan o seu agrado pola contemplación de ríos caudalosos flanqueados de frondosas cubertas forestais (BLÁZQUEZ, 2002; CABALAR, 2010a). Unha vez mais a auga como signo de vida, de natureza primixenia, ponse de manifesto nos gustos da xente.

Pero non só os elementos visibles atraen e gustan ás persoas. O disfrute dos cursos fluviais é unha experiencia sensorial na que entran en xogo de maneira especial os sons da auga: o rumor do seu fluír, manso e doce, ou o atronador ruxido das augas precipitadas en fervenzas como manifestación da forza e poder da natureza.

En Galicia existe unha densa rede fluvial, ben nutrida de auga todo o ano por un clima predominantemente húmido, e moi pródiga en accidentes topográficos

de todo tipo pola notable compartimentación do relevo, sucedéndose as fervezas e os vales encaixados por tódolos recunchos da rexión.

Figura 2. Recuperación de patrimonio etnográfico: Muíños



Os muíños son un elemento patrimonial da máxima importancia na Galicia rural. Algún deles está a ser recuperado co seu tradicional uso, e tamén como atracción turística. Nas imaxes superiores, un aspecto do Muíño de Ferreñas (Concello de Vilarmaior, A Coruña) e do panel explicativo da súa historia e o seu funcionamento.

4) Termalismo nas entornas fluviais

Un dos produtos turísticos que mais importancia acadou nos últimos anos en Galicia é o termalismo. É unha tipoloxía de ocio que ante todo procura tranquilidade, atención esmerada e entornas naturais de calidade. A abundancia de mananciais de auga termal en Galicia favorece a potenciación desta práctica, que tras moitos anos case esquecida volta a unha idade dourada. Moitas das instalacións balnearias da rexión (un total de 20, reunidas na Asociación Galega da Propiedade Balnearia) están localizadas nas beiras dos ríos e aproveitan as cualidades que as entornas fluviais ofrecen por sí mesmas para completar o relax que das propias instalacións con paseos polas ribeiras que permiten desfrutar das agradables experiencias sensoriais que relatamos sintéticamente no punto anterior. Sen dúbida, as entornas fluviais son un reclamo que dota de maior atractivo ós centros balnearios que neles se sitúan.

5) Os ríos e o turismo de aventura

Desde tempos relativamente recentes, a estancia turística en entornas naturais non se limita a unha simple experiencia contemplativa, tranquila e mais ou menos pasiva. Moitos visitantes procuran un contacto mais directo coa natureza, unha experiencia de descubrimento na que non falte acción, que supoña un reto físico e a vivencia de emocións nunha entorna ben distinta á cotián, sen as comodidades desta. Tal é a razón de ser do crecemento do chamado “Turismo Activo” ou “Turismo de Aventura”, en torno ó cal existe unha certa discrepancia conceptual na que non nos corresponde entrar pero que ten como rasgo característico o antes sinalado: procura de acción en contacto coa natureza.

Asociado a estas prácticas medraron numerosas actividades deportivas que gozan de numerosos adeptos: puenting, parapente, montañismo, barranquismo, rafting ou piragüismo, só por citar algunha das máis relevantes. As tres últimas son actividades desenvolvidas nos ríos que en Galicia atinxiron importancia aproveitando as favorables condicións da rede fluvial (caudalosa e pródiga en accidentes topográficos). Deste xeito foi nacemento un tecido de empresas bastante notable, que ofertan estas actividades ós turistas seguindo unha serie de medidas de seguridade posto que a súa práctica implica un certo risco que é obrigatorio ter en conta. Segundo Rigueira (2010), nestes intres existen en Galicia un total de 19 empresas relacionadas con este sector⁴, cifra que nos fala da importancia que a día de hoxe conseguiu esta actividade en Galicia.

6) Os ríos e o aproveitamento náutico

Os anos 1950 e 1960 do pasado século en España foron de acelerada industrialización e despegue económico, no marco dunha política chamada “Desarrollismo”, que marcou a segunda metade do Réxime Franquista. Este auxe industrial precisaba enerxía e ante a escaseza de combustibles fósiles en territorio español púxose en marcha unha política de construción de encoros para a obtención de electricidade e tamén para poñer en funcionamento grandes extensións de cultivos de regadío. A práctica totalidade dos ríos importantes de España posúen algún encoro construído durante esta etapa, e os galegos non son unha excepción a esta regra. Deste xeito, en Galicia existen numerosos encoros que en moitos casos asolagaron pobos enteiros e ricos terreos aluviais de gran riqueza agrolóxica.

Este impacto xa é irreversible, pero sempre é posible obter cousas positivas de feitos negativos. As augas encoradas son auténticos “mares interiores” doadamente aproveitables para navegación deportiva e de ocio. Esta potencialidade está a ser aproveitada en Galicia mediante actividades coma o

⁴ Esta cifra está referida ás empresas rexistradas nas bases de datos do organismo TURGALICIA e do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas para o ano 2009. Ademais destas, existe un número indeterminado pero significativo doutras empresas non rexistradas.

piragüismo (citado no punto anterior), as rutas fluviais en catamarán (que serán vistas no apartado seguinte), ou mediante a posta en marcha de verdadeiros clubs náuticos coma o existente en Castrelo de Miño (Ourense), nas augas do encoro do mesmo nome. Estas instalacións, dun xeito moi semellante ós clubs existentes en portos de mar, ofertan actividades de navegación deportiva en pequenos veleiros ou en canoas de remo, así como clases de navegación.

7) Os ríos e o turismo escénico: os catamaráns do Sil e do Miño

O sistema fluvial Miño-Sil, o máis importante de Galicia por lonxitude e caudal, discorre en moitos tramos fortemente encaixado, entre canóns de espectacular beleza. Ó longo dos séculos estas terras afastadas, de difícil acceso e condicións de vida duras foron escollidas por ordes relixiosas para fundar mosteiros e erixir igrexas e ermidas, sobre todo durante a Idade Media. Como consecuencia, nestas comarcas existen algunhas das mellores representacións da arte Románica de Galicia. Ó mesmo tempo, as especiais condicións climáticas, mais secas e calorosas que a entorna, foron aproveitadas para o cultivo da vide, actividade que tivo que vencer as fortes pendentes aplicando laboriosas e enxeñosas técnicas baseadas no cultivo en terrazas (aquí chamadas “sualcos”). A vida monástica e o cultivo secular do viño conformaron unha paisaxe cultural de incalculable valor que recibe o certo nome de *Ribeira Sacra*, un dos territorios con máis personalidade de Galicia.

Figura 3. Turismo escénico: catamaráns do Sil e do Miño



Os canóns do Sil e do Miño son un dos reclamos turísticos mais coñecidos e visitados de Galicia. Entre os seus atractivos están os paseos en catamarán que permiten contemplar a espectacular paisaxe da Ribeira Sacra. Na imaxe, aspecto dun catamarán navegando polo encaixado Canón do Sil.

Algunhas das máis importantes rutas turísticas da rexión discorren por estas terras, tendo como un dos principais atractivos os paseos en catamarán polas augas do Miño e do Sil (Fig. 3). A navegabilidade que proporcionan as augas encoradas foron aproveitadas para poñer en marcha este produto turístico, pensado para contemplar en todo o seu esplendor estes magníficos escenarios onde a natureza e o ser humano traballaron da man ata crear unha paisaxe lendaria de sobrecolledor engado.

8) Os ríos como espazos lúdicos e festivos

Por último, os ríos en Galicia son escenario de celebracións populares de longa tradición. Pola súa sona e o seu carácter multitudinario destacan dúas festas en particular: as romarías dos Caneiros e O Naseiro, festas patronais de Betanzos (A Coruña) e Viveiro (Lugo) respectivamente, que se celebran no mes de Agosto. Coma todas as celebracións galegas, son festas de marcado carácter gastronómico, lúdico, de reunión social, que teñen como peculiaridade ter o seu escenario nos ríos (Mandeo e Landro en cada caso). Numerosas embarcacións cheas de familias e grupos de amigos onde se come, se bebe, se baila e se canta navegan polo río nestas festas, consideradas entre as máis famosas e importantes do calendario festivo galego.

5. Conclusión

A natureza é un reclamo turístico de primeira orde. No contexto social actual, no que a gran maioría da poboación vive en áreas urbanas, existe unha gran demanda de ocio en entornas naturais, ante o desexo innato de todo ser humano por relaxarse en contacto coa natureza. As potencialidades de Galicia neste sentido son amplas, pero ata o momento non soubo aproveitálas adecuadamente. Por este motivo, o Turismo

Rural de Galicia foi incapaz de atinxir un nivel de demanda alto, pois non hai unha oferta complementaria ben articulada que teña como un dos principais produtos o disfrute do medio natural. Porén, existen aproveitamentos turísticos en marcha que teñen un futuro esperanzador. Así, o aproveitamento turístico dos ríos galegos está a promover unha notable variedade de produtos, moitos deles nunha fase aínda incipiente de desenvolvemento, pero que adecuadamente xestionadas, teñen diante de sí un futuro moi esperanzador.

Bibliografía

Blázquez i Salom, M. (2002): “El turismo en Espacios Naturales Protegidos”, en *La actividad turística española en 2001*, AECIT, Madrid, pp 589-623.

Cabalar Fuentes, M. (2010a): *O uso público nos Espazos Naturais Protexidos de Galicia. Diagnose e propostas de acción*. Universidade de Santiago de Compostela (Tese de Doutoramento inédita).

Cabalar Fuentes, M. (2010b): “La insuficiente protección de la Red Natura 2000 en Galicia: peligros e impactos sobre el medio”, en Giménez, P; Marco, J.A.; Matarredona, E.; Padilla, A; Sánchez, A. *Biogeografía: una ciencia para la conservación del medio. Actas del VI Congreso español de Biogeografía*. Universidad de Alicante. pp 181-190.

Corraliza Rodriguez, J. A; Garcia Navarro, J.; Valero Gutiérrez Del Olmo, E. (2002): *Los Parques Naturales en España: conservación y disfrute*. Fundación Alfonso Martín Escudero, Madrid. 491 pp.

Diego Liaño, C.; Garcia Codrón, J.C. (2007): *Los Espacios Naturales Protegidos*. DaVinci, Mataró (Barcelona). 246 pp.

EUROPARC-España (2008): *Anuario EUROPARC-España del estado de los Espacios Naturales Protegidos 2007*. Fundación Fernando González Bernáldez, Madrid. 224 pp.

Lei 9/2001, de Conservación da Natureza de Galicia.

Ley 42/2007, de Patrimonio Natural y Biodiversidad.

Lois González, R. C.; Santos Solla, X. M. (2004): “Planificación y espontaneidad en el desarrollo rural”, en Rodríguez González, R.; e Pérez Correa, E. (coords.): *Espacios y desarrollos rurales : una vision múltiple desde Europa y Latinoamérica*. Trea, Gijón. pp 131-156.

Lois González, R.C.; Piñeira Mantiñán, M^a. J.; Santomil Mosquera, D. (2009): “Imaxe e oferta de aloxamento rural en Galicia”, en *Revista Galega de Economía*, Vol.18, Nº2. pp 71-90.

Múgica, M.; de Lucio, J.V. (1992): “Tipología de los visitantes que acuden a los Parques Nacionales”, en *Quercus* Nº78, pp 34-39.

Mulero Mendigorri, A. (2002): *La Protección de espacios naturales en España : antecedentes, contrastes territoriales, conflictos y perspectivas*. Mundi-Prensa, Madrid. 309 pp.

Rigueira Patao, R. (2010): *Análisis del turismo activo en Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela (Tese de Máster inédita).

Sparrer, M. (2006): “Reflexiones sobre el turismo en el espacio rural de la Provincia de A Coruña”, en TROITIÑO VINUESA, M.A.; GARCÍA MARCHANTE, J. S.; GARCÍA HERNÁNDEZ, M. (coords.): *X Coloquio de Geografía del Turismo, Ocio y Recreación (A.G.E): Destinos turísticos: viejos problemas, ¿nuevas soluciones?*. Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, Cuenca. pp 551-565.